

CONCELLO DE PONTECESURES

BRIGADA FORESTAL 2026

Documentación completa da convocatoria

Prevenición e defensa contra incendios forestais



EXPEDIENTE Nº 644/2025

BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 1 POSTO ENCARGADO/A – CAPATAZ, 1 POSTO DE PEON ESPECIALISTA CONDUTOR E 3 POSTOS DE PEÓNS FORESTAIS PARA A BRIGADA FORESTAL, AO ABEIRO DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO DE PONTECESURES PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DURANTE O ANO 2026 COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PLAN ESTRATÉXICO DA POLÍTICA AGRARIA COMÚN (PEPAC) 2023-2027

Primeira: Obxecto da convocatoria.

O obxecto das presentes bases é regular a contratación laboral temporal do persoal preciso cunha bolsa de contratación, para conformar unha brigada de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Pontecesures integrada por **1 XEFA/E DE BRIGADA E 1 PEÓN ESPECIALISTA CONDUTOR E 3 PEONS FORESTAIS, convocando estas bolsas para cubrir os devanditos postos de 1 encargado/capataz, os 3 postos de peóns forestais, e o posto de peón especialista condutor**, no marco do “Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Pontecesures para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais”.

O ámbito de actuación será o municipal, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable o persoal das brigadas municipais participará nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da consellería competente en materia forestal cando así se decida por parte do mando único e conforme ao artigo 48 .6 da Lei 3/2007 e o PLADIGA.

Durante cada un dos meses de vixencia do contrato, os traballadores han de contar con plena dispoñibilidade, incluíndo traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias.

As labores a desenvolver consistirán na realización dos seguintes traballos:

1. Intervención nos incendios forestais no ámbito municipal, sen prexuízo de que conforme á normativa aplicable o persoal das brigadas municipais participará nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da consellaría competente en materia forestal cando así se decida por parte do mando único e conforme ao artigo 48.6 da Lei 3/2007.





2. Labores de prevención de incendios, que se desenvolveran en faixas de xestión de biomasa ou nos terreos forestais de titularidade municipal ou de propietario descoñecido, así como en vías e camiños forestais da súa titularidade cando non sexa posible mecanizar estes traballos.
3. Os traballos de extinción de incendios forestais serán prioritarios con respecto aos traballos de prevención.

Segunda: Normativa aplicable.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local
- Real Decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local
- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores.
 - Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia
 - Decreto 95/1991, do 20 de marzo pola que se aproba o regulamento de selección de persoal da Comunidade Autónoma de Galicia
 - Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública; Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada
 - Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, de regras básicas e programas mínimos a que se debe axusta-lo procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local
 - Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración Xeral do Estado
 - Orde de 6 de xuño de 2002, pola que se establecen as normas para a selección e nomeamento de persoal interino e demais normativa vixente na materia.
 - Real Decreto-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

Terceira: Modalidade e duración do contrato.

As contratacións realizaranse a través da modalidade de contrato de duración determinada por circunstancias da produción, sendo a xornada a tempo completo, conforme a lexislación laboral vixente.

A duración contractual será de 3 meses. As vacacións e o horario, que poderá ser partido en xornada de mañá, tarde e noite, e de luns a domingo, adaptaranse ás necesidades do servizo,





tendo os descansos que establece a normativa laboral vixente. Os horarios serán os fixados polo itinerario e cronograma establecido polo Servizo de Incendios da Xunta de Galicia a través do Distrito correspondente.

As retribucións brutas mensuais serán as seguintes:

Encargado/capataz: **1.649,70 euros**, incluíndo as pagas prorrateadas.

Peón Especialista Conductor: **1.484,50 euros**, incluíndo as pagas prorrateadas.

Peón Forestal: **1.424,50 euros**, incluíndo as pagas prorrateadas.

Cuarta: Requisitos dos aspirantes.

Para participar nas probas selectivas os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes e deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

- a) **Nacionalidade:** Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado en que en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderá participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea, e o dos nacionais dalgún estado en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España cando sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

- a) **Titulación académica:** Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

ENCARGADO/A DE BRIGADA: enxeñeiro de montes, enxeñeiro técnico forestal, técnico superior en xestión forestal e do medio natural, técnico en aproveitamento e conservación do medio natural, técnico en emerxencias e protección civil ou formación profesional equivalente.

PEON FORESTAL: Estar en posesión do **certificado de escolaridade/graduado en ESO.**

PEON ESPECIALISTA CONDUCTOR: Estar en posesión do **certificado de escolaridade/graduado en ESO, e ter en vigor o carné de conducir tipo B.**





- b) Idade:** Ter cumpridos os 18 anos de idade e non exceder da idade de xubilación.
- c) Capacidade:** Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións propias do posto de traballo para o que se opta, para o cal se realizará o oportuno recoñecemento médico.
A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. Os aspirantes con discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.
- d) Habilitación:** Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.
- e) Coñecemento da lingua galega:** De acordo ao establecido no artigo 35 do Decreto Lexislativo 1/2008: *Para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na Administración Pública de Galicia e para garantir o dereito das administradas e dos administrados ao uso do galego nas relacións coa Administración pública no ámbito da Comunidade Autónoma, e a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, que determina o artigo 6º.3 da Lei de Normalización Lingüística, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais de Galicia inclúirse un exame de galego, salvo para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente.* Polo tanto, quen non acredite o coñecemento do galego mediante a achega do **CELGA 2**, deberá superar unha proba tipo test sobre o coñecemento do idioma galego.

Quinta: Procedemento de selección e presentación de instancias.

O procedemento selectivo será o de **concurso-oposición** previsto no artigo 61 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

O anuncio da convocatoria será publicado no BOP, na páxina web municipal **www.pontecesures.gal** e no taboleiro de edictos do Concello. Os interesados poderán presentar as súas solicitudes no prazo de **5 DÍAS HÁBILES** seguintes ó da publicación do anuncio de convocatoria no BOP de Pontevedra, no Rexistro Xeral do Concello de Pontecesures en horario de 8.00 a 14.30 h. Tamén poderán presentarse na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común, e neste caso, os concursantes deberán comunicalo mediante correo electrónico á dirección emprego@pontecesures.org durante o mesmo prazo que o da presentación de instancias.

Sexta: Documentación a presentar.





- a) Solicitude de participación anexa á estas Bases (ANEXO I)
- a) Fotocopia do DNI.
- b) Fotocopia do carné de conducir, no seu caso (Peón Conductor)
- c) Fotocopia da titulación esixida
- d) Documentación acreditativa dos méritos alegados.

Sétima: Admisión de candidatos.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da Corporación, ditará resolución na que se aprobará a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as que se publicará no Taboleiro de Edictos do Concello na sede electrónica municipal pontecesures.sedelectronica.gal e na páxina web **www.pontecesures.gal**, e concederase un prazo de dous (2) días naturais para os efectos de reclamacións ou emendas de erros.

As reclamacións, se as houbese, serán resoltas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva que se publicará do mesmo xeito que a provisional.

No caso de que por circunstancias excepcionais houbese que modificar lugar, data ou hora da valoración de méritos ou da proba de aptitude física, publicarase no Taboleiro de Edictos do Concello na sede electrónica municipal pontecesures.sedelectronica.gal e na páxina web: **www.pontecesures.gal**.

Oitava: Tribunal Cualificador.

O proceso selectivo será xulgado por un órgano de selección que estará integrado por cinco (5) membros, que serán nomeados pola Alcaldía, dos que se poderán designar suplentes.

O órgano de selección será colexiado e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home. Todas as persoas integrantes do órgano de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo e todas terán voz e voto:

-Presidente/a.

- Tres vogais.

-Secretario/a.

Os/as membros do tribunal deberán ter titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén. Os órganos de selección actúan con plena





autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo.

O órgano de selección deberá constituírse na data se que designe, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros do tribunal, titulares ou suplentes. Na sesión constitutiva de cada órgano de selección adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas. As decisións adoptaranse por maioría de votos, resolvendo os empates co voto de calidade do/a presidente/a do Tribunal.

En cada sesión do órgano de selección poderán participar os membros titulares presentes no momento da súa constitución, e se están ausentes, os suplentes, sen que poidan substituírse entre si na mesma sesión.

Os integrantes do tribunal deberán absterse de formar parte deste, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal de acordo co artigo 24 da mencionada Lei.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza de máis da metade dos seus membros, sexan indistintamente titulares ou suplentes. En todo caso, será necesario a presenza do presidente e do secretario ou de quen os substitúan.

O Tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde as mesmas.

Os tribunais poderán dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegase a coñecemento do órgano de selección que algunha das persoas aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, previa audiencia do/a interesado/a, deberá propoñerlle ao/a presidente/a a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

O Real decreto 462/2002, do 24 de maio, **sobre indemnizacións por razón do servizo, no que se regula a indemnización regulamentaria que, de acordo co previsto no seu articulado, proceda abonar pola participación en «tribunais de oposicións e concursos**





encargados da selección de persoal ou de probas cuxa superación sexa necesaria para o exercicio de profesións ou para a realización de actividades, establece que, os membros dos tribunais de oposicións e concursos así como, no seu caso, as persoas colaboradoras técnicas, administrativas e de servizos de ditos órganos, serán indemnizados pola asistencia a estes, nos supostos previstos neste real decreto.

Contra os acordos do órgano de selección poderá interpoñerse recurso administrativo de alzada ante a Alcaldía, segundo o previsto no artigo 121 da **Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Pública** con independencia de calquera outro recurso ou reclamación que no seu caso proceda.

Novena: Procedemento e criterios de selección.

A selección realizarase de conformidade co previsto nas presentes bases polo sistema de **concurso-oposición** cos aspirantes que no prazo establecido presentaran a súa documentación.

Os correspondentes anuncios e o resultado do proceso selectivo farase público mediante a publicación da correspondente acta/anuncio do Tribunal no taboleiro de anuncios do Concello na sede electrónica municipal e na páxina web do Concello.

As persoas aspirantes deberán ir provistas do DNI, permiso de conducir, pasaporte ou documento equivalente, en caso de persoas estranxeiras, en vigor e serán convocadas en chamamento único, salvo casos de forza maior debidamente xustificados e apreciados polo tribunal con absoluta liberdade de criterio. Con carácter xeral, a non presentación de unha persoa aspirante ao exercicio no momento de ser chamada determinará automaticamente o decaemento dos seus dereitos a participar nel, quedando excluída do procedemento selectivo.

O tribunal poderá requirir, en calquera momento, ás persoas aspirantes que acrediten a súa identidade.

Concluído cada un dos exercicios da fase de oposición, o tribunal publicará as puntuacións obtidas polas persoas aspirantes na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello.

A incomparecencia inxustificada dos candidatos a calquera proba á que sexan convocados implicará a súa exclusión do proceso selectivo.

Tras a publicación da relación definitiva de candidatos admitidos e excluídos procederase a convocar aos aspirantes á realización das diferentes fases do concurso.

Non se poderá acceder ao lugar de realización dos exercicios con dispositivos móbiles, tabletas, axendas, reloxos ou similares polo que, antes de iniciar os exames, os membros do





tribunal poderán requirir a súa entrega, constituíndo causa de inadmisión ao chamamento a simple tenza deles.

O tribunal disporá os medios que estime oportunos para garantir o anonimato das persoas aspirantes na realización dos exercicios, salvo naqueles que pola súa natureza non sexa posible realizar de forma anónima. Nos casos dos exercicios nos que deba garantirse o anonimato, as persoas aspirantes non poderán realizar ningunha sinal identificativa nas follas utilizadas para a súa realización. De non observar esta regra serán automaticamente eliminadas do correspondente proceso selectivo, sen que se proceda nin sequera á corrección do exercicio.

Se no transcurso do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algunha das persoas aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, previa audiencia da persoa interesada, deberá propoñerlle ao presidente a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse recurso administrativo de alzada ante á Alcaldía, segundo o previsto no artigo 121, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, con independencia de calquera outro recurso ou reclamación que no seu caso proceda.

As probas selectivas que deberán superar os/as aspirantes constará das fases que se indican a continuación.

A puntuación máxima no proceso de selección será de 50 puntos.

1ª FASE: PROBA DE SUFICIENCIA OU COÑECEMENTOS TÉCNICOS. (Máximo 30 puntos).

2ª FASE: VALORACIÓN DE MÉRITOS. (Máximo 20 puntos).

3ª FASE: PROBA DE APTITUDES FÍSICAS. (Carácter eliminatorio).

PRIMEIRA FASE. PROBA DE SUFICIENCIA OU COÑECEMENTOS TÉCNICOS. (Máximo 30 puntos)

Realizarase unha proba de manexo e identificación de ferramentas e equipos de protección precisos para o desenvolvemento das tarefas propias das prazas ás que se opta, durante o tempo máximo que determine o Tribunal. Puntuarase de 0 a 30 puntos, sendo eliminados os/as aspirantes que obteñan unha puntuación inferior a 15 puntos.

SEGUNDA FASE. VALORACIÓN DE MÉRITOS. (Máximo 20 puntos)





1.- Experiencia profesional, ata un máximo de 15 puntos:

Nesta fase o Tribunal avaliará os méritos alegados e acreditados por aqueles aspirantes que superaran as fases anteriores de acordo co seguinte baremo:

- Por ter desempeñado tarefas ou funcións en postos iguais ou similares á praza obxecto deste proceso de selección en calquera Administración Pública ou organismos autónomos de carácter administrativo dependentes da mesma: **0,25 puntos por mes completo a xornada completa.**

Estes servizos deben acreditarse cunha copia do contrato ou nomeamento de contratación, certificado de empresa e a copia da vida laboral; ou certificado orixinal dos servizos prestados, que deberá especificar a categoría desempeñada, o cómputo total de días, meses e anos traballados, a xornada e as tarefas realizadas, expedido polo órgano competente da Administración na que prestaran os servizos. Non se valorarán os servizos prestados á administración pública en virtude dun contrato administrativo suxeito á normativa de contratación. Tampouco se valorarán os servizos prestados en calidade de persoal eventual ou de confianza.

- Por ter desempeñado tarefas ou funcións en postos iguais ou similares á praza obxecto deste proceso de selección en calquera empresa privada: **0,15 puntos por mes completo a xornada completa.**

Non se valorarán as relacións laborais onde só se acredite a condición de peón para o posto de encargado.

No caso dos peóns deberá quedar suficientemente acreditado que se trata de campañas de prevención, vixilancia e loita contra incendios.

Estes servizos deben acreditarse cunha copia do contrato de traballo ou certificado de empresa, achegando ademais a vida laboral, debendo especificar a categoría desempeñada, o cómputo total de días, meses e anos traballados, a xornada, e as tarefas realizadas.

En caso de acreditación de períodos de traballo por días, un mes virá determinado pola acumulación de 30 días de traballo a xornada completa.

De non presentarse a citada documentación, ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación neste apartado será de 0 puntos.





2. Formación, ata un máximo de 5 puntos:

Por cursos de formación e perfeccionamento recibidos, nos últimos cinco anos, relacionados coa actividade a desenvolver, por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, Comunidades Autónomas, Administración local, Universidades, colexios oficiais ou escolas da Administración Pública, incluídos os organizados por sindicatos, entidades sen ánimo de lucro e organizacións empresariais no marco dos Acordos Nacionais ou Autonómicos de Formación Continua e sempre que, a xuízo do tribunal, teñan relación coas funcións propias do posto.

Os cursos que, a xuízo do Tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias da praza, non serán puntuados. Tampouco serán puntuados aqueles cursos nos que non conste o nº de horas ou de duración inferior a 20 horas:

- a) Cursos de 76 horas ou máis: 0,50 puntos
- b) Cursos de 60 a 75 horas: 0,40 puntos
- c) Cursos de 40 a 59 horas: 0,20 puntos
- d) Cursos de 20 a 39 horas: 0,10 puntos

3. Carné de conducir B*:

Carné de Conducir tipo B: 0.50 puntos que se sumarán na fase de concurso.

*Nota: valorarase coma mérito no proceso selectivo para a contratación dos 3 postos de peón forestal.

Non se valorará para o posto de peón condutor, ao ser un requisito esixido.

TERCEIRA FASE. PROBA DE APTITUDES FÍSICAS (CARÁCTER ELIMINATORIO)

Consistirá na realización dunha proba de esforzo denominado do banco, que consiste en baixar e subir dun banco de 40 cm de altura para os homes e 33 cm para as mulleres, a razón de 90 movementos durante un período de 5 minutos.

Para obter a consideración de APTO/A, será necesario obter, como mínimo, os parámetros de capacidade aeróbica, pola aplicación da idade, peso e pulsacións segundo as táboas propias desta proba.

Dado que esta proba a ten que realizar unha empresa especializada e que conte co persoal axeitado acorde a normativa vixente, comunicaremos aos aspirantes que tiveran previamente superado a proba de coñecementos, o lugar, data e hora de realización da mesma, co tempo





suficiente para que poidan acudir a súa realización..

Décima: Ordenación das persoas aspirantes e presentación de documentación.

Unha vez rematada a proba física e a cualificación dos méritos aportados por cada un dos aspirantes, o tribunal publicará no Taboleiro de Edictos do Concello na sede electrónica municipal pontecesures.sedelectronica.gal e na páxina web www.pontecesures.gal a relación de seleccionados por orde de puntuación.

Ningún aspirante poderá ser contratado se non obtén a cualificación de apto na proba de aptitude física.

A orde de clasificación definitiva das persoas aspirantes será o resultado de sumar as puntuacións obtidas na fase de oposición e na fase de concurso e a lista resultante, ordenada de maior a menor puntuación, publicarase na sede electrónica, no taboleiro de anuncios do Concello.

No caso de empate resolverase a favor das persoas aspirantes que obtiveran maior puntuación no apartado de experiencia profesional, e de manterse a igualdade, a favor das persoas aspirantes que obtiveran maior puntuación no apartado de servizos prestados para o posto solicitado en AAPP (peón forestal ou peón especialista condutor).

No último caso resolverase polo disposto na Resolución da Xunta de 22 de xaneiro de 2026, relativa a orde de actuación das persoas aspirantes nos procesos selectivos, de resultados que comezará por aquelas cuxo primeiro apelido comece pola letra «M».

O órgano de selección elevará á Alcaldía a proposta definitiva, por orde de puntuación, das persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo e a proposta para constituír esta bolsa de traballo.

A resolución final publicarase na sede electrónica, no taboleiro de anuncios do concello, con indicación de todas as persoas integrantes, a orde de prelación e a puntuación obtida.

Os/as aspirantes propostos/as achegarán no prazo de **tres (3) días hábiles**, contados a partir da publicación da lista de aprobados no Taboleiro de Edictos e na páxina web os documentos seguintes (sempre que non os tivese presentado coa solicitude):





- Declaración xurada de que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio da función pública por sentenza firme.
- Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ó momento da súa toma de posesión.
- Certificado de titularidade da conta bancaria.
- Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das súas funcións as que se opta.
- Tarxeta da Seguridade Social

O/a aspirante que faga valer a súa condición de persoa con discapacidade deberá presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base e agás nos casos de forza maior, o cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados nestas bases, non poderán formalizar o contrato e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorrerá por falsidade na solicitude de participación.

Undécima: Formalización do contrato.

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polo/a interesado/a, a Alcaldía efectuará o nomeamento a favor dos/as candidatos/as propostos/as e asinará os contratos laborais nun prazo máximo de **tres (3)** días naturais (sempre con data do 1 de xullo de 2026 ou posterior).

Duodécima: Funcionamento da bolsa de traballo.

Cando sexa necesario realizar un chamamento, ofertarase á primeira persoa da lista por orde de puntuación, comunicándoselle por correo electrónico e dándolle un prazo de 48 horas para que acepte ou renuncie por escrito ao ofertado. Así mesmo, o Concello tentará comunicarse coa persoa aspirante por teléfono coa finalidade de acurtar os prazos. Se non contestase no prazo de 48 horas, isto equivalerá á renuncia ao ofertado e procederase a chamar á seguinte persoa da bolsa.





En caso de urxencia para a cobertura do posto, o concello poderá remitir simultaneamente a todas as persoas que constitúen a bolsa de traballo, un correo electrónico comunicando as condicións do chamamento para que, no prazo de 48 horas, acepten ou renuncien por escrito ao ofertado.

En todo caso, respectarase a orde de puntuación da bolsa de traballo, formalizándose o correspondente nomeamento coa persoa aspirante que, en base ás aceptacións ou renunciacións presentadas, ocupe o posto máis alto da lista.

Cando unha das persoas incluídas na bolsa fose chamada para ocupar o posto, ao rematar o período do nomeamento recuperará o seu lugar inicial na bolsa, de xeito que poida ser chamada para unha nova contratación.

-Renunciacións:

Con carácter xeral, a non aceptación ou renunciación á oferta de traballo dará lugar ás seguintes medidas:

Primeira renunciación: Seis meses de exclusión.

Segunda renunciación: Exclusión definitiva da bolsa.

A renunciación non será causa de exclusión da lista, nin temporal nin definitiva, cando se acredite fehacientemente que no momento do chamamento, se atopa nalguna das seguintes situacións:

- Atoparse en situación de incapacidade temporal con, polo menos, dous días de antelación ao momento de producirse o chamamento.
- Ter unha relación laboral ou funcionarial vixente ou ter siso nomeado/a e atoparse en prazo de toma de posesión ou contratación para acadar dita situación, ou ser traballador/a autónomo/a
- Exercer o coidado directo, dunha persoa maior que requira especial dedicación ou dunha persoa con diversidade funcional, ata segundo grao, cando por razóns de idade, accidente ou enfermidade non poda valer por si mesmo e non desenvolva unha actividade retribuída.
- Concorrenza de parto, permiso por nacemento, adopción ou acollemento, permiso de maternidade, paternidade ou risco durante o embarazo, risco durante o período de lactación e/ou situacións asimilables.

As persoas que renunciación ao chamamento deberán presentar unha instancia na que manifesten expresamente a súa renunciación e os motivos polos que, de ser o caso, non deben ser excluídas





nin temporal nin definitivamente desta lista. Para estes efectos deberá acreditar a incapacidade temporal, achegando o parte de baixa médica; unha vida laboral actualizada xunto co nomeamento, contrato de traballo vixente ou alta de traballador/a no réxime especial de traballadores/as autónomos/as; o libro de familia, xustificante de convivencia, certificado da diversidade funcional e calquera outra documentación que acredite estas circunstancias.

Cando o cesamento se produza por renuncia do integrante da lista unha vez incorporado ao posto de traballo para o que foi chamado, cando tras o nomeamento non presente a documentación requirida ou non acredite que reúne os requisitos esixidos ou cando sen causa suficientemente xustificada non tomase oportunamente posesión na data que se lle indique, dará lugar as seguintes medidas:

- Primeira renuncia: seis meses de exclusión, con perda de todos os dereitos derivados do nomeamento conferido, no seu caso.
- Segunda renuncia: exclusión definitiva da lista, con perda de todos os dereitos derivados do nomeamento conferido, no seu caso.

A bolsa resultante do presente proceso selectivo extinguirase en todo caso cando teñan transcorrido 3 anos desde a súa constitución (salvo prórroga expresa por un período de 1 ano e causa xustificada), podendo non obstante extinguirse antes no caso de celebrarse nese período novo proceso selectivo para a mesma categoría con formación de nova bolsa de traballo ou no caso de quedar baleira de participantes.

Décimo terceira: Protección de datos de carácter persoal.

De conformidade co establecido na Lei orgánica 3/2019, do 5 de decembro, de protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopen vixentes durante o período de vixencia destas bases, informámolo de que este Concello é o responsable do tratamento e garda dos datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento. A lexitimación para tratar estes datos deriva da aprobación das presentes bases.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigação legal.

Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións





para as que se lle solicitaron.

As persoas interesadas poden retirar o consentimento, no caso de que o outogaran, en calquera momento, podendo exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación ao enderezo electrónico: dpo@pontecesures.gal. O Delegado de Protección de Datos é DELYSER ABOGADOS, S.L.P., contactable en dpo@pontecesures.gal.

Pode consultar a nosa política de privacidade en <https://pontecesures.gal/politica-de-privacidade>.

Infórmase así mesmo do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos, C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid (www.agpd.es).

Décimo cuarta. Recursos.

Esta convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven delas ou da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida pola Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común, mediante a interposición do recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, ou contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ambos a contar dende o día seguinte a publicación.





ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

**DENOMINACIÓN DO POSTO/PRAZA: ENCARGADO CAPATAZ - PEÓN FORESTAL -
PEÓN CONDUTOR BRIGADAS FORESTAIS**

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:		
POSTO SOLICITADO:		
Nome e apelidos:		DNI núm.:
Enderezo:		CP:
Localidade:		Provincia:
Nacionalidade:	Núm. Teléfono Fixo:	Núm. Teléfono Móbil:
Correo electrónico:		Fax.:

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE:

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos sen que sexa válida para elas, nin produza efectos, unha opción diferente.

___ Electrónica a través do Sistema de Notificación Electrónica do Concello de Pontecesures en **pontecesures.sedelectronica.gal**.

___ Postal

EXPOÑO:





Concello de Pontecesures

Que tras ver as bases que regulan a convocatoria deste proceso selectivo para cubrir prazas vacante no Concello de Pontecesures e manifestando que reúno todas e cada unha das condicións esixidas na convocatoria, que estou enterado/a e acepto as bases que rexerán a convocatoria para a selección polo sistema de concurso-oposición de:

___ 1 POSTO DE ENCARGADO/CAPATAZ.

___ 1 POSTO DE PEÓN CONDUTOR.

___ 3 PEÓNS FORESTAIS.

e SOLICITO tomar parte neste proceso selectivo,

DOCUMENTOS QUE PRESENTO:

- Fotocopia do DNI ou a tarxeta acreditativa da identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns/ás comunitarios/as.
- Fotocopia do diploma ou validación do curso de iniciación e perfeccionamento en lingua galega ou CELGA 3/4.
- Fotocopia da titulación requirida (*certificado de escolaridade/graduado en ESO*).
- No caso de ser unha persoa aspirante con diversidade funcional que precisa adaptación de tempo e medios para realizar os exercicios nos que a adaptación fose necesaria, deberá acreditar fehacientemente a citada diversidade funcional (*achegando a esta solicitude a correspondente documentación acreditativa*) e solicitar a continuación as adaptacións concretas que pretende:

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

Consinto o tratamento dos datos de carácter persoal incluídos na presente solicitude.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE SON CERTOS TODOS OS DATOS EXPRESADOS NESTA SOLICITUDE

Lexitimación do Concello para o tratamento de datos persoais: aprobación das bases reguladoras da convocatoria e consentimento da persoa interesada.

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopen vixentes durante o período de vixencia destas bases, informámoslle de que este Concello é o responsable do tratamento e custodia dos datos presentados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión da solicitude no procedemento.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obriga legal.

Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitou o consentimento.

Pode retirar o consentimento, no caso de que o outorgase, en calquera momento, podendo exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación á dirección electrónica: dpo@pontecesures.gal.

Infórmasele do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid (www.agpd.es).

Así mesmo, de conformidade co establecido na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, os interesados poderán facer constar na súa solicitude o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando a publicación dos datos do beneficiario en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda da honra e á intimidade persoal e familiar das





persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e está previsto na súa normativa reguladora.

LUGAR E DATA	SINATURA
_____, A ____ DE _____ DE 2026	

ANEXO II

DECLARACIÓN XURADA

DATOS PERSOAIS:		
Nome e apelidos:		DNI núm.:
Enderezo:		CP:
Localidade:		Provincia:
Nacionalidade:	Núm. Teléfono Fixo:	Núm. Teléfono Móbil:
Correo electrónico:		Fax.:

DECLARO:

Que non teño sido separada/o mediante expediente disciplinario do servizo da Administración Pública do Estado, das Comunidades Autónomas nin Entidades Locais, nin de que está inhabilitada/do para o exercicio de funcións públicas., nin me encontro inhabilitada/o para o exercicio de función públicas, nin incurso/a en incompatibilidade por exercer outro emprego público (laboral ou funcionario) en outra Administración Pública.

Pontecesures a, de..... 2026.





ANEXO III

Táboas proba de banco

Coeficiente de saúde para homes:

Pulsaciones durante 15 sg.	45	33	33	33	33	33	32	32	32	32	32	32	32	32
	44	34	34	34	34	33	33	33	33	33	33	33	33	33
	43	35	35	35	34	34	34	34	34	34	34	34	34	34
	42	36	35	35	35	35	35	35	35	35	35	35	35	35
	41	36	36	36	36	36	36	36	36	36	36	36	36	36
	40	37	37	37	37	37	37	37	37	37	37	37	37	37
	39	38	38	38	38	38	38	38	38	38	38	38	37	37
	38	39	39	39	39	39	39	39	39	39	39	39	38	38
	37	41	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40	39	39
	36	42	42	41	41	41	41	41	41	41	41	41	40	40
	35	43	43	42	42	42	42	42	42	42	42	42	42	41
	34	44	44	43	43	43	43	43	43	43	43	43	43	43
	33	46	45	45	45	45	45	44	44	44	44	44	44	44
	32	47	47	46	46	46	46	46	46	46	46	46	46	46
	31	48	48	48	47	47	47	47	47	47	47	47	47	47
	30	50	49	49	49	49	48	48	48	48	48	48	48	48
	29	52	51	51	51	50	50	50	50	50	50	50	50	50
	28	53	53	53	53	52	52	52	52	52	51	51	51	51
	27	55	55	55	54	54	54	54	54	54	53	53	53	52
	26	57	57	56	56	56	56	56	56	56	55	55	54	54
25	59	58	58	58	58	58	58	58	58	56	56	55	55	
24	60	60	60	60	60	60	60	59	59	58	58	57		
23	62	62	61	60	61	61	61	60	60	60	59			
22	64	64	63	63	63	63	62	61	61	61				
21	66	66	65	65	65	64	64	64	62					
20	68	68	67	67	67	67	66	66	65					
	60	65	70	75	80	85	90	95	100	105	110	120	130	

Peso corporal (kg)





Coeficiente de saúde para mulleres:

Pulsacións durante 15 sg.	45									29	29	29
	44								30	30	30	30
	43								31	31	31	31
	42			32	32	32	32	32	32	32	32	32
	41			33	33	33	33	33	33	33	33	33
	40			34	34	34	34	34	34	34	34	34
	39			35	35	35	35	35	35	35	35	35
	38			36	36	36	36	36	36	36	36	36
	37			37	37	37	37	37	37	37	37	37
	36		37	38	38	38	38	38	38	38	38	38
	35	38	38	39	39	39	39	39	39	39	39	39
	34	39	39	40	40	40	40	40	40	40	40	40
	33	40	40	41	41	41	41	41	41	41	41	41
32	41	41	42	42	42	42	42	42	42	42	42	
31	42	42	43	43	43	43	43	43	43	43	43	
30	43	43	44	44	44	44	44	44	44	44	44	
29	44	44	45	45	45	45	45	45	45	45	45	
28	45	45	46	46	46	47	47	47	47	47	47	
27	46	46	47	48	48	49	49	49	49			
26	47	48	49	50	50	51	51	51	51			
25	48	50	51	52	52	53	53					
24	51	52	53	54	54	55						
23	53	54	55	56	56	57						
	40	45	50	55	60	65	70	75	80	85	90	95
	Peso corporal (kg)											





Táboa de capacidade aeróbica axustada á idade:

72	76	73	72	71	69	68	68	64	62	60	58
71	75	72	71	70	68	67	65	63	61	59	57
70	74	71	70	69	67	66	65	62	60	58	56
69	72	70	69	68	66	65	64	61	59	57	55
68	71	69	68	67	65	64	63	61	59	57	54
67	70	68	67	66	64	63	62	59	58	56	54
66	69	67	66	65	63	62	61	58	57	55	54
65	68	66	65	64	62	61	60	58	56	54	53
64	67	65	64	63	61	60	59	57	55	53	52
63	66	64	63	62	60	59	58	56	54	52	51
62	65	63	62	61	59	58	57	55	53	51	50
61	64	62	61	60	58	57	56	54	53	51	50
60	63	61	60	59	57	56	55	53	52	50	49
59	62	60	59	58	56	55	54	53	51	49	48
58	61	59	58	57	55	54	53	52	50	48	47
57	60	58	57	56	54	53	52	52	49	47	46
56	59	57	56	55	53	52	51	50	48	46	46
55	58	56	55	54	52	51	50	49	47	46	45
54	57	55	54	53	51	50	49	48	46	45	44
53	56	54	53	52	50	49	48	47	46	44	43
52	55	53	52	51	49	48	47	46	45	43	42
51	54	52	51	50	48	47	46	45	44	42	41
50	53	51	50	49	47	46	45	45	43	42	40
49	51	50	49	48	46	45	44	44	42	41	39
48	50	49	48	47	45	44	43	43	41	40	38
47	49	48	47	46	44	43	42	42	40	39	38
46	48	47	46	45	43	42	41	41	40	38	37
45	47	46	45	44	42	41	40	40	39	37	36
44	46	45	44	43	41	40	39	39	38	37	35
43	45	44	43	42	40	39	38	38	37	36	34
42	44	43	42	41	39	38	37	37	36	35	33
41	43	42	41	40	38	37	36	36	35	34	32
40	42	41	40	39	37	36	35	35	34	33	31
39	41	40	39	38	36	35	34	34	33	32	30
38	40	39	38	37	35	34	33	33	32	31	29
37	39	38	37	36	34	33	32	32	31	30	28
36	38	37	36	35	33	32	31	31	30	28	27
35	37	36	35	34	32	31	30	30	29	27	26
34	36	35	34	33	31	30	29	29	28	26	25
33	35	34	33	32	30	29	28	28	27	25	24
32	34	33	32	31	29	28	27	26	25	24	23
31	33	32	31	30	28	27	26	25	24	23	22
30	32	31	30	29	27	26	25	24	23	22	21
	15	20	25	30	35	40	45	50	55	60	65

Coefficiente de salud.

Edad mas próxima





DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

Cod. Validación: 6HK4YNLSG9XJ9AKST34DTT5RZ
Corrección: <https://pontecesures.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 22 a 22



Xoves, 11 de xuño de 2026

Núm. 110

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****PONTECESURES****Persoal, oposicións**

BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 1 POSTO DE ENCARGADO/CAPATAZ, 1 POSTO DE PEÓN ESPECIALISTA CONDUTOR, E 3 POSTOS DE PEÓNS FORESTAIS PARA A BRIGADA FORESTAL

EXPEDIENTE Nº 644/2026

BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 1 POSTO DE ENCARGADO/CAPATAZ, 1 POSTO DE PEON ESPECIALISTA CONDUTOR, E 3 POSTOS DE PEÓNS FORESTAIS PARA A BRIGADA FORESTAL, AO ABEIRO DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO DE PONTECESURES PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DURANTE O ANO 2026.

ANUNCIO

Por Resolución da Alcaldía nº 2026 – 0700, de data 08.06.2026, aprobáronse as bases que regularán a convocatoria do proceso selectivo para a creación dunha bolsa de emprego de persoal laboral temporal para cubrir os postos de 1 PEON ESPECIALISTA CONDUTOR E 3 POSTOS DE PEÓNS FORESTAIS, mediante o sistema de concurso-oposición.

O prazo de presentación de instancias será de cinco (5) días hábiles a contar desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

As bases íntegras atópanse publicadas no taboleiro de anuncios electrónico (pontecesures.sedelectronica.gal) e na páxina web do Concello (www.pontecesures.gal).

Pontecesures, A Alcaldesa M.^a Teresa Tocino Barreiro

(Documento asinado dixitalmente na data indicada á marxe)





Concello de Pontecesures

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN BOLSA BRIGADAS FORESTAIS

DENOMINACIÓN DO POSTO SOLICITADO: _____

<u>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:</u>		
<u>Nome e apelidos:</u>		<u>DNI núm.:</u>
<u>Enderezo:</u>		<u>CP:</u>
<u>Localidade:</u>		<u>Provincia:</u>
<u>Nacionalidade:</u>	<u>Núm. Teléfono Fixo:</u>	<u>Núm. Teléfono Móbil:</u>
<u>Correo electrónico:</u>		

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE:

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos sen que sexa válida para elas, nin produza efectos, unha opción diferente.

Electrónica a través do Sistema de Notificación Electrónica do Concello de Pontecesures en pontecesures.sedelectronica.gal.

Postal

EXPOÑO:

Que tras ver as bases que regulan a convocatoria deste proceso selectivo para cubrir esta praza vacante no Concello de Pontecesures e manifestando que reúno todas e cada unha das condicións esixidas na convocatoria, que estou enterado/a e acepto as bases que rexerán a convocatoria para a selección polo sistema de concurso-oposición dos **5 POSTOS QUE CONFORMAN A BRIGADA FORESTAL (1 ENCARGADO 1 PEON CONDUTOR, e 3 PEONS FORESTAIS)** e SOLICITO tomar parte neste proceso selectivo,

DOCUMENTOS QUE PRESENTO:

- Fotocopia do DNI ou a tarxeta acreditativa da identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns/ás comunitarios/as.
- Fotocopia da titulación requirida (segundo as bases rexedoras deste proceso selectivo).
- Documentos acreditativos dos méritos que alegara



Concello de Pontecesures

-No caso de ser unha persoa aspirante con diversidade funcional que precisa adaptación de tempo e medios para realizar os exercicios nos que a adaptación fose necesaria, deberá acreditar fehacientemente a citada diversidade funcional (achegando a esta solicitude a correspondente documentación acreditativa) e solicitar a continuación as adaptacións concretas que pretende:

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

Consinto o tratamento dos datos de carácter persoal incluídos na presente solicitude.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE SON CERTOS TODOS OS DATOS EXPRESADOS NESTA SOLICITUDE

Lexitimación do Concello para o tratamento de datos persoais: aprobación das bases reguladoras da convocatoria e consentimento da persoa interesada.

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopen vixentes durante o período de vixencia destas bases, informámoslle de que este Concello é o responsable do tratamento e custodia dos datos presentados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión da solicitude no procedemento.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigação legal.

Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitou o consentimento.

Pode retirar o consentimento, no caso de que o outorgase, en calquera momento, podendo exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación á dirección electrónica: concello@pontecesures.gal.

Infórmase do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid (www.agpd.es). O Delegado de Protección de Datos é DELYSER ABOGADOS, S.L.P., contactable en dpo@pontecesures.gal.

Pode consultar a nosa política de privacidade en <https://pontecesures.gal/politica-de-privacidade>.

Así mesmo, de conformidade co establecido na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, os interesados poderán facer constar na súa solicitude o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando a publicación dos datos do beneficiario en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda da honra e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e está previsto na súa normativa reguladora.

LUGAR E DATA

SINATURA

_____, A _____ DE _____ DE 2026



Concello de Pontecesures

ANEXO II

DECLARACIÓN XURADA

<u>DATOS PERSOAIS:</u>		
<u>Nome e apelidos:</u>		<u>DNI núm.:</u>
<u>Enderezo:</u>		<u>CP:</u>
<u>Localidade:</u>		<u>Provincia:</u>
<u>Nacionalidade:</u>	<u>Núm. Teléfono Fixo:</u>	<u>Núm. Teléfono Móbil:</u>
<u>Correo electrónico:</u>		

DECLARO:

Que non teño sido separada/o mediante expediente disciplinario do servizo da Administración Pública do Estado, das Comunidades Autónomas nin Entidades Locais, nin de que está inhabilitada/do para o exercicio de funcións públicas., nin me encontro inhabilitada/o para o exercicio de función públicas, nin incurso/a en incompatibilidade por exercer outro emprego público (laboral ou funcionario) en outra Administración Pública.

Pontecesures a, de..... 2026.